Especifícase o tratamento xeral que se lle vai a dar a cada competencia ao expor a contribución da área ao desenvolvemento das mesmas	
As competencias conéctanse cos criterios de avaliación e a súa concreción en indicadores, para poder ser avaliadas	
Preséntanse desde a área estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita	
Consideración de medidas para incorporar o TIC, aos procesos de ensino e aprendizaxe	
CONTIDOS	
Secuenciación coherente	
Organización temporal dos contidos ao longo do curso, en unidades de traballo, temas ou proxectos.	
Presentación integrada dos contidos sen necesidade de diferenciar en conceptuais, procedimentais e actitudinais	
Vinculación dos contidos con situacións reais, significativas, funcionais ou motivantes para o alumnado	
AVALIACIÓN	
Inclúense a CE da área e coa numeración establecida na orde de currículo	
Concreción de indicadores de avaliación a partir da análise e desagregación da CE do currículo	
Concreción suficiente dos indicadores para ser observables ou medibles	
Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados	
Concrétanse os criterios de cualificación achegando un valor ponderado orientativo aos diferentes instrumentos de avaliación	
Para cada un da CE indícanse os indicadores que se consideran como aprendizaxes mínimas para superalo	
Os indicadores que expresan os mínimos exixibles aparecen en diversas unidades, temas ou proxectos para garantir suficientemente a súa adquisición	

Información ás familias e ao alumnado da CE, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e mínimos exixibles	
Actividades de apoio, reforzo e recuperación para atender á diversidade tendo en conta as aprendizaxes consideradas como mínimos	
Autorregulación da propia aprendizaxe: uso da autoevaluación e a coevaluación polo alumnado	
Considéranse procedementos para valorar e revisar a programación didáctica	
METODOLOGÍA	
Uso variado e coherente de diferentes métodos e estilos de ensino	
Estratexias para desenvolver procesos globalizados de ensino e aprendizaxe	
Consideración de metodoloxías que consideran o papel activo do alumno como factor decisivo da aprendizaxe	
Previsión de tarefas e propostas didácticas contextualizadas en situacións ou problemas significativos, funcionais e motivantes para o alumnado	
Metodoloxías de traballo cooperativo	
Importancia da investigación por parte do alumnado: metodoloxía de proxectos, descubrimento guiado, resolución de problemas da vida cotiá, webquest.	
Recursos didácticos, incluídos os materiais curriculares e libros de texto para o alumnado	
Organización flexible dos recursos espazo-temporais, agrupamentos e materiais	
OUTROS ASPECTOS	
Incorporación da forma de abordar os valores democráticos que establece o currículo	
Asociación temporal dos distintos valores democráticos coas unidades, temas ou proxectos nos que se van traballar	
Medidas de atención á diversidade e as adaptacións curriculares precisas	
Coordinación entre o profesorado que intervén co grupo de alumnos	
Coordinación do profesorado a nivel vertical	
Actividades extraescolares E complementarias	

CIENCIAS SOCIAIS

1.-OBXECTIVOS	33
2.-CONTIDOS.....	34
3.-AVALIACIÓN	35
3.1.-Criterios de avaliación	35
3.2.-Estándares de aprendizaxe.....	37
3.3.-Técnicas e instrumentos de avaliación.....	38
3.4.-Criterios de corrección	40
4.-COMPETENCIAS CLAVE	40
4.1.-Competencia en comunicación lingüística.....	40
4.2.-Conciencia e expresións culturais.	41
4.3.-Competencias sociais e cívicas.....	41
4.4.-Competencia para aprender a aprender.....	41
4.5.-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. ...	42
4.6.-Competencia dixital.	42
4.7.-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.....	42
4.8.-Perfil competencial.	42
5.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES TIPO	44
5.1.-Contidos común:.....	45
5.2.-O mundo no que vivimos	45
5.3.-Vivir en sociedade:	45
5.4.-As pegadas do tempo:.....	45
6.-MINÍMOS ESIXIBLES	46
7.-CRITERIOS DE PROMOCIÓN	46
7.1.-Consideracións xerais	47
8.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	48
9.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Y EXTRAESCOLARES	50
10.-ACCIÓN S PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR.....	51
11.-CONCRECIÓN DO PLAN DAS TICS.....	52
11.1.-As TICS na área de Ciencias Sociais.....	53
12.-ACCIÓN S DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO	53
13.-CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE CONVIVENCIA	54
14.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	55



15.-CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN..... 56

1.-OBXECTIVOS

Constitúen uns enunciados que definen, en termos de capacidades, o tipo de desenvolvemento que esperamos que alcancen os alumnos ao termo da etapa. Estas capacidades orientarán e vertebrarán a actuación educativa en todas as áreas e atenderán a unha evolución integral da personalidade, pois refírense á súa dimensión intelectual, comunicativa, estética, socioafectiva e motriz.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- p) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- q) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- r) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- s) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- t) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- u) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- v) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

-
- w) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
 - x) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
 - y) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
 - z) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
 - aa) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
 - bb) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
 - cc) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
 - dd) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2.-CONTIDOS

Ao longo do presente curso traballaremos os seguintes contidos ao longo das distintas unidades de coñecemento como figura na seguinte táboa.

O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecemento científico.

Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes

Introdución no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analízala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións.

Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos.

O traballo en equipo.

Iniciación na creación e o uso de hábitos e técnicas de estudo.

Valoración do esforzo e coidado do material.

A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.

Utilización da terminoloxía propia da área.

Investigamos sobre os usos da auga, os lugares nos que aparece na contorna próxima e os uso responsable desta empregando as TIC.

Os ecosistemas da contorna e o ser humano.

A paisaxe natural. O coidado e a contaminación. Tipos de paisaxes. A paisaxe natural que nos rodea. Tipos de paisaxe e a súa conservación. Observación de diferentes tipos de paisaxe (a través de fotos, de imaxes da web, libros), comparación e identificación do tipo de paisaxe que corresponde ao contexto no que vive. Realización dun mapa mental cos elementos máis significativos que conforman a paisaxe da localidade: relevo, ríos, illas, encoros, lagoas... e citar algunha característica deles.

Rochas e minerais da contorna: cor, textura, forma, dureza. Usos básicos destes materiais.

Orientacións espaciais, nocións básicas que lle permitan orientarse nun debuxo ou nun plano sinxelo da contorna máis próxima.

Quen goberna a túa localidade? O Concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía.

A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais,..

Investigación sobre as diferentes manifestacións culturais da contorna.

Os medios de comunicación. Impacto social.

As profesións. Preparar unha enquisa, para coñecer as profesións das familias do alumnado do centro, analizar cales son a as máis usuais. Indagar sobre todo en aquelas que o alumnado descoñeza, as ferramentas que empregan, responsabilidade, servizos que prestan e comunicar os resultados.

Seguridade viaria como persoas viaxeiras e peóns ou peoas.

Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro, ano e década.

O reloxo e o calendario como instrumentos para medir o tempo. A súa evolución.

Toma de conciencia do paso do tempo investigando sobre a evolución dalgún elemento do espazo próximo (os medios de transporte, os medios de comunicación, a escola como institución, a evolución dalgún aparello), realizando unha árbore xenealóxica dunha persoa, ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna...

O patrimonio histórico, cultural e artístico. Coidado e conservación.

Os museos como espazo de aprendizaxe e de goce.

3.-AVALIACIÓN

Como establece a LOMCE esta será continua, global e integradora e se fará tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis establecidos no decreto 105/2014.

Terá tres momentos: **inicial** para diagnosticar a situación de partida, **continua** para regular o proceso e **final** para valorar o grao de consecución dos obxectivos.

3.1.-Criterios de avaliación

1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala,

-
- extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.
2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.
 3. Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo.
 4. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.
 5. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.
 6. Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada.
 7. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e despertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles.
 8. Realizar sinxelos traballos dalgún ecosistema en concreto: acuático, terrestre.
 9. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.
 10. Identificar os elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñecer algunha características máis significativa destes.
 11. Identificar algunhas rochas e minerais presentes na contorna e recoñecer algúns usos que as persoas fan deles.
 12. Empregar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse na contorna máis próxima.
 13. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio.
 14. Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía...
 15. Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacífica.
 16. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais.

- 17.Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras mais representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación.
- 18.Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais.
- 19.Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire.
- 20.Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte.
- 21.Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro.
- 22.Coñecer os instrumentos básicos para a medida do tempo, iniciarse no seu uso e manexo.
- 23.Recoñecer, comprender e ordenar cronoloxicamente os cambios producidos polo paso do tempo na evolución do obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.
- 24.Recoñecer a cultura e o patrimonio da contorna que nos rodea comprendendo a importancia da súa conservación.
- 25.Coñecer que é un museo, cal é a súa función e valorar o seu papel gozando da contemplación de obras artísticas.

3.2.-Estándares de aprendizaxe.

21. **Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.**
22. **Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.**
23. **Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.**
24. **Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.**
25. **Identifica a terminoloxía propia da área.**
26. **Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.**
27. **Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.**
28. **Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.**
29. **Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.**
30. **Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula.**

-
31. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.
 32. Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.
 33. Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.
 34. Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes.
 35. Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan.
 36. Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa.
 37. Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.
 38. Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.
 39. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica
 40. Avisa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.
 41. Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.
 42. Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.
 43. Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.
 44. Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos.
 45. .Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.
 46. Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.
 47. Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.
 48. Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.
 49. Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.
 50. Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais.
 51. Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.
 52. Explica que é un museo e cales son as súas funcións.
 53. Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio.
-

3.3.-Técnicas e instrumentos de avaliación.

Un instrumento de avaliación é o obxecto, medio ou material utilizado para aplicar unha técnica e recoller de forma sistemática a información que se obtén desta. Así mesmo son o conxunto de ferramentas e prácticas deseñadas para que os mestres poidan obter información precisa sobre a calidade da aprendizaxe dos seus estudantes.

Tamén se empregan para facilitar o diálogo entre os estudantes e o profesor referente ao proceso de aprendizaxe e como melloralo.

Á hora de selecciónalos débese ter en conta:

-
- ✓ Que aprendizaxe deben desenvolver os estudantes?
 - ✓ De que xeito o instrumento permitirá apoiar o proceso de aprendizaxe unha vez que é aplicado
 - ✓ Que técnica ou instrumento permitirán recoñecer mellor o logro da devandita aprendizaxe?

Algunha das técnicas ou instrumentos de avaliación que podemos empregar na aula son:

- Observación das actividades realizadas polos estudantes.
- Exploración por medio de preguntas formuladas polo profesor durante a clase.
- Os portfolios: É unha colección de documentos de traballo do alumno ou alumna que permite ver o seu esforzó, progresos e logros.
- Probas ou exames: Utilízanse para verificar o grao de rendemento ou aprendizaxe lograda polos estudantes.
- Mapas conceptuais: Son recursos gráficos que permiten representar xerarquicamente conceptos e proposicións sobre un tema determinado
- Avaliación do desempeño: Consisten no deseño de situacións onde os alumnos demostran as súas habilidades aprendidas ante tarefas xenuínas tales como aplicar unha técnica de primeiros auxilios, escribir un texto persuasivo, executar unha peza musical, facer un experimento, solucionar problemas matemáticos, entre outros.
- Listas de control ou verificación e escalas: Consiste nunha serie de ítems referidos a características, realizacións e actividades que requiren que o observador indique simplemente se se realizou ou non unha conduta.
- Rexistros anecdóticos como as listas de control ou diarios de clase.
- Rúbricas. Unha rúbrica é, basicamente, unha táboa na que se especifican unha serie de criterios de avaliación adaptándoos a uns niveis de eficiencia
- Os traballos e exercicios que se realizan en clase: Son unha serie de actividades que se realizan en clase co fin de valorar o nivel de comprensión ou execución por parte dos alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe
- As tarefas ou traballos que se solicitan aos alumnos para realizar fóra de clase: Poden variar entre exercicios, solución de problemas, visitas a lugares, investigación na biblioteca, museos entre outros. Pódense realizar de xeito individual ou en grupos cooperativos.

3.4.-Criterios de corrección

Segundo os distintos instrumentos de avaliación empregados na aula os resultados obtidos en cada un deles terán un peso determinado na avaliación xeral da Área.

	%
Actividades realizadas polo alumnado.	
Portfolio	
Probas ou exames	
Mapas conceptuais	
Avaliación de desempeño	
Listas de control	
Rexistros anecdóticos	
Rúbricas	
Outros ... (especificar)	

4.-COMPETENCIAS CLAVE

Nas Ciencias Sociais intégranse diversas disciplinas que estudan ás persoas como seres sociais e a súa realidade nos seus aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. O obxecto das Ciencias Sociais nesta etapa é desenvolver capacidades nos nenos e nenas que lles permitan tanto interpretar a realidade que os rodea coma intervir nela, así como aprender a vivir en sociedade, coñecendo os mecanismos fundamentais da democracia e respectando as regras da vida colectiva.

4.1.-Competencia en comunicación lingüística.

Diferenciar progresivamente entre a linguaxe que fai posible a comunicación entre as persoas e o que utiliza a ciencia para explicar os feitos e fenómenos. Empregarase tanto a linguaxe oral como o escrito, o gráfico ou o simbólico, sendo importante o vocabulario específico utilizado pola área.

Deberase impulsar a conversación, o debate e a exposición, como ferramentas indispensables para estimular as ideas, opinar sobre elas, comparalas e reconstruílas.

Propiciaranse situacións onde o alumnado formule preguntas, recolla e interprete datos, comunique resultados das súas observacións e experiencias e elabore informes, o que facilitará o establecemento de novas relacións entre os conceptos, favorecendo a formulación doutras preguntas e a busca de novos datos.

4.2.-Conciencia e expresións culturais.

Céntrase no coñecemento das manifestacións culturais do ámbito escolar, local e autonómico, así como das sociais do ámbito, propiciando unha actitude de apertura, de respecto e de crítica cara á diversidade de expresións artísticas e culturais.

4.3.-Competencias sociais e cívicas.

Leer un mapa ou utilizar unha fonte histórica son actividades que esixen procedementos diferenciados de busca, selección, organización e interpretación, que son obxecto prioritario, de aprendizaxe desta área.

Analizar feitos e problemas, tendo en conta as súas causas e consecuencias dende distintos puntos de vista.

Desenvolver as habilidades sociais que permiten aos nenos e ás nenas entender os conflitos como parte das relacións humanas e resolvelos en convivencia pacífica usando o diálogo e a negociación

Reflexionar sobre a importancia de aceptar e elaborar normas de convivencia e asumir responsabilidades en distintos contextos.

Desenvolver valores que pode formar a base dunha futura cidadanía mundial, solidaria, curiosa e informada, participativa e democrata.

4.4.-Competencia para aprender a aprender.

Deseño de tarefas para que o alumnado aprenda a usar e elaborar guías, a buscar, contrastar e seleccionar información apropiada segundo os obxectivos programados, a tentear distintas estratexias para resolver problemas, a planificar proxectos, a confeccionar obxectos ou máquinas, etc.

Ao final da etapa o alumnado debería ser capaz de planificar e desenvolver proxectos e investigacións acordes co seu nivel, sendo cada vez máis consciente das súas propias capacidades para identificar os posibles obstáculos, buscar os recursos apropiados e por último autoavaliar os seus logros para corrixir os erros e aprender deles.

Desenvolvemento de técnicas para axudar a organizar, memorizar e recuperar a información, tales como resumos, esquemas ou mapas mentais que resultan especialmente útiles nos procesos de aprendizaxe.

4.5.-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Utilizar ferramentas matemáticas en contextos significativos de uso. O currículo da área implica a medición (medidas temporais como día, semana, minuto, década, século..., e medidas espaciais para a confección de planos e mapas), a utilización de distintas formas de rexistro e recollida de datos das observacións e medicións, a elaboración de táboas e representacións simbólicas e gráficas (de tempo atmosférico, de variables dun ecosistema...), o establecemento de relacións e clasificacións (de animais, plantas, materiais...).

4.6.-Competencia dixital.

Acceder e comprender a información que se presenta en diferentes códigos, formatos e linguaxes, e require polo tanto, procedementos diversos para a súa comprensión.

Transformar a información en coñecemento analizando, sintetizando, relacionando, formulando inferencias e deducións; en definitiva, comprendéndoas e integrándoas nos esquemas previos de coñecemento.

Iniciar a alfabetización dixital, a utilización básica do ordenador, o manexo dun procesador de textos e a busca guiada en Internet.

4.7.-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Planificación de tarefas enfocadas cara ao fomento da responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima

Elaboración e desenvolvemento de proxectos individuais e colectivos o alumnado para transformar as ideas en accións, explorar, tomar camiños equivocados, construír modelos...; é dicir, propoñerse obxectivos e planificar e levar a cabo o planeado.

4.8.-Perfil competencial.

Á hora de avaliar o nivel competencial do noso alumnado teremos en conta a seguinte táboa na que se establece a relación que teñen cada un dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da área de Lengua e Literatura castelá con cada unha das competencias claves que establece o currículo

	CCL	CMCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.		x	x	x			
Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.				x	x	x	
Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.				x	x		
Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.				x			
Identifica a terminoloxía propia da área.	x	x			x		
Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.	x	x	x				
Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.					x		
Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.		x	x	x			
Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.	x	x		x			
Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula.	x	x					
Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.		x					
Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.	x	x					
Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.		x			x		
Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes.	x	x					
Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan.	x	x					
Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa.		x		x		x	
Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.	x				x		
Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.	x				x		
Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica	x				x		
Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.					x		
Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.	x				x		x
Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.	x				x		

Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.	x				x		
Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos.				x	x		
Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.	x			x	x		
Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.					x		
Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.	x	x					
Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.		x		x			
Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.		x			x		
Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais.	x	x			x		
Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.					x		x
Explica que é un museo e cales son as súas funcións.	x				x		
Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio.					x		x

5.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES TIPO

A área de Ciencias sociais ten como obxecto contribuír ao desenvolvemento persoal e social do alumnado, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade na que vive, partindo da comprensión da realidade física, social e histórica máis próxima ata poder comprender o mundo dun xeito máis global. O desenvolvemento persoal e social dos alumnos e alumnas como futuros cidadáns e cidadás implica, por unha banda, coñecer os mecanismos fundamentais da democracia respectando as regras da vida colectiva e, por outra, interactuar coa contorna e o medio velando pola súa conservación ao seren estes bens comúns e compartidos.

A área das Ciencias sociais integra diversos ámbitos de estudo, centrándose en aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. A organización de contidos da área por bloques establécese en base a estes ámbitos co fin de facilitar a concreción curricular da área e da etapa. En ningún caso, o desenvolvemento curricular se limitará a seguir esta estrutura, senón que os contidos serán abordados dun xeito global e interdisciplinar.

5.1.-Contidos común:

Establécensw os contidos comúns da área, facendo referencia ás distintas técnicas, estratexias e métodos de traballo que potencian e favorecen a adquisición de aprendizaxes sobre o coñecemento do medio por parte do alumnado. Polo tanto, este bloque constitúe o eixe fundamental para abordar os elementos curriculares dos outros bloques cun enfoque transversal. Supón, ademais, a iniciación no coñecemento científico, non como saber disciplinar senón como un conxunto de procesos, destrezas e actitudes que contribúen a explorar e comprender a realidade.

O uso das ferramentas TIC tamén ten especial consideración neste bloque pois se considera recurso fundamental, entre outras fontes, para a busca de información, simulación de procesos e presentación de conclusións referidas ás Ciencias sociais. Por último, neste apartado destaca a importancia que ten o traballo en equipo.

5.2.-O mundo no que vivimos:

Neste bloque de contidos realízase o estudo da xeografía, tanto da contorna próxima, achegando ao alumnado á realidade que coñece, como de contextos máis afastados para fomentar unha visión máis completa. No desenvolvemento deste bloque utilizaranse diferentes tipos de fontes xeográficas de información: textos, cadros e gráficos, esquemas, representacións cartográficas, fotografías e imaxes sintéticas para identificar e localizar obxectos e feitos xeográficos, facendo especial atención no territorio galego e español.

5.3.-Vivir en sociedade:

A partir do traballo deste bloque será posible iniciar un proceso de comprensión das características dos distintos grupos sociais, respectando e valorando as súas diferenzas e ás persoas integrantes, a produción e reparto dos bens de consumo, sectores de produción, a vida económica dos cidadáns e cidadás, a capacidade emprendedora dos membros da sociedade e a función dinamizadora da actividade empresarial na sociedade, a organización social, política e territorial galega e española e o coñecemento do territorio, institucións e poboación europeas.

5.4.-As pegadas do tempo:

Traballarase a comprensión de conceptos como o tempo histórico e a súa medida, a capacidade de ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes,

utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade a través da realización de cronogramas, liñas do tempo, mapas mentais, árbores xenealóxicas, biografías etc. Investigarase sobre as grandes etapas históricas da humanidade.

En canto a metodoloxía propia da área especificamos a seguinte:

- Para a construción e a consolidación das aprendizaxes **partirase**, en todo momento, **dos coñecementos previos do alumnado**, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional. Este proceso implica a secuenciación dos contidos partindo do que eles xa coñecen para así avanzar e ir de aprendizaxes máis simples cara outros máis complexos.
- **alumnado debe ser o protagonista das súas aprendizaxes**, a construción das aprendizaxes é persoal e, polo tanto, moi diversa polo que se presentarán propostas de traballo individual e de equipo que posibilitan a resolución conxunta das tarefas e favorezan a inclusión do alumnado
- É fundamental na área de Ciencias sociais o **aproveitamento dos recursos propios da contorna**, non soamente físicos, senón tamén humanos. Neste sentido, consideraranse as diferenzas interculturais como un aspecto enriquecedor que achega posibilidades de aprendizaxe.
- persoal docente deberá buscar propostas e **estratexias que activen ao alumnado que promovan a curiosidade e a motivación** neste, de cara á investigación e resolución de problemas e que lle permitan ser consciente de que el é o responsable das súas aprendizaxes.

6.-MINÍMOS ESIXIBLES

A DETERMINAR POLO CENTRO

7.-CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Os criterios de promoción son un conxunto de acordos que concretan e adaptan ao contexto do Centro docente os criterios xerais de avaliación establecidos na normativa vixente que resulte de aplicación.

- Durante o primeiro mes do curso escolar os titores e titoras e profesores e profesoras realizarán unha avaliación inicial do alumnado. A devandita avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou nivel anterior correspondentes

aos alumnos e alumnas do seu grupo, que se completarán con outros datos obtidos polo propio titor ou titora sobre o punto de partida dende o que o alumno ou alumna inicia as novas aprendizaxes.

- Tras esa avaliación inicial, os titores realizarán unha valoración dos resultados e en reunión co equipo docente e Departamento de Orientación adoptaranse as medidas de reforzo, apoio e recuperación para o alumnado que o necesite. Estes alumnos e as medidas tamén quedarán reflectidos no informe que emitirán os titores. Á reunión asistirán tamén o Orientador/a.
- Os procedementos formais de avaliación, criterios comúns, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección e cualificación serán dados a coñecer aos alumnos nos primeiros días do curso polos distintos profesores das materias, así como aos pais ou titores legais no primeiro trimestre do curso (en reunión de pais de principio de curso).
- No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo ou adaptación curricular e adoptaranse en calquera momento do curso.

7.1.-Consideracións xerais

O alumnado promoverá ao nivel ou etapa seguinte sempre que o equipo docente considere que alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e o axeitado grao de madureza.

Así mesmo promoverá sempre que as aprendizaxes non alcanzadas non lle impidan seguir con aproveitamento o novo ciclo ou etapa.

A decisión de promoción dun alumno/a tomaraa o equipo docente de forma colexiada. Para esta decisión, haberá que ter tomado especial consideración a opinión do titor ou titora.

Este proceso contará en todo momento co asesoramento do Gabinete de Orientación.

Na sesión de avaliación para a decisión de promoción, o equipo docente estudará por separado cada caso tendo en conta a singularidade de cada alumno ou alumna, atendendo á natureza das súas dificultades e analizando se estas lle impiden verdadeiramente seguir con éxito o curso seguinte, así como as expectativas favorables de recuperación.

O alumno/a poderá repetir unha soa vez en Educación Primaria. Esta medida poderase adoptar unha soa vez ao longo da Educación Primaria e irá acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación. No caso que fora necesaria unha segunda repetición (extraordinaria) en Educación Primaria, será determinante o asesoramento e decisión do Gabinete de Orientación do Centro.

Os criterios de promoción serán establecidos atendendo á adquisición das competencias clave, a consecución dos obxectivos xerais de ciclo e ás posibilidades de progreso do alumnado.

Polo tanto, un alumno/a non promoverá á seguinte etapa ou nivel se non superou máis de dúas áreas e tampouco con dúas se son Lingua Castelá ou Lingua Galega e Matemáticas.

En caso de que se formule a promoción con outras áreas que non sexan os casos anteriormente citados teremos en conta a adquisición das competencias claves, a consecución dos obxectivos xerais da etapa e ás posibilidades de progreso do alumnado.

8.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O profesorado participará de forma global no tratamento da diversidade do alumnado xa que cada alumno ou alumna dentro da aula desenvolve diferentes ritmos de aprendizaxe.

Para facilitar os avances individuais téñense en conta os coñecementos previos dos alumnos e a súa actitude ante os diferentes contidos para que o proceso de adquisición de novos contidos siga un proceso natural.

Dáse una especial importancia ao autoconhecimento e ao respecto así como traballar a intelixencia emocional, os xogos cooperativos e a resolución pacífica de conflitos.

Propóñense actividades de reforzo para os alumnos que necesiten afianzar conceptos e de ampliación para aqueles que rematen axiña as actividades e poden ampliar contidos.

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas

especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Entre as medidas indicadas na epígrafe anterior considéranse as que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

- ✓ A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.
- ✓ A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Estableceranse os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo dese alumnado. Estas adaptacións se realizarán buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave, e a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería competente en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas. Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería competente en

materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o daquel alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

Adaptacións curriculares.

A Adaptación Curricular (Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeneral) é un proceso de toma de decisión sobre os elementos do currículo para dar respostas educativas ás necesidades dos alumnos mediante a realización de modificacións nos elementos de acceso ao currículo y/o nos mesmos elementos que o constitúen.

A aplicación e cumprimento das adaptacións curriculares serán responsabilidade dos titores e profesores segundo acordos adoptados. Levarase a cabo unha avaliación continua, formativa e sistemática na que, se fose necesario, colaborará o departamento de orientación.

Os resultados das distintas avaliacións e as calificacións obtidas reflectirase, como ó resto dos alumnos do centro, no boletín de información ós pais. Nestes deberán recollese os obxectivos e contidos do nivel no que se atope o alumno, os obxectivos e contidos adaptados recollidos na súa adaptación curricular e as calificacións obtidas. Serán os titores e os distintos profesores, de apoio e de áreas, os encargados de emitir dito boletín.

9.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Y EXTRAESCOLARES

Prográmanse na medida que sexa posible, visitas culturais, exposicións, representacións teatrais, animación a lectura, etc...

Tratarase de ter una programación no centro con contacontos, actuacións teatrais, visita de algún escritor/a, exposicións viaxeiras...

Promoverase a realización de actos coincidindo coas celebracións escolares: Magosto, Samaín, Constitución, Festival de Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas... nos que a lingua teña una importancia capital.

De forma paralela concienciarase ao alumnado de que as actividades propostas forman parte do currículo das distintas áreas, non sendo simplemente saídas ou festas ocasionais.

Para que poidan participar nas que son fora do Centro, será necesaria unha autorización firmada polos pais ou titores legais. A falta desta autorización exclúe ao alumno da actividade prevista. Cada titor conservará a mencionada autorización ata o final da actividade.

O centro ten unha Programación Xeral Anual de actividades extraescolares na que este nivel participa en todos os actos e actividades nas que poñamos de manifesto a lingua e a literatura e todas as que o longo do curso poidan plantexarse por parte do Departamento de Normalización Lingüística, biblioteca... para acadar os obxectivos propostos.

10.-ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

A competencia lectora desenvólvese desde todas e cada unha das áreas e materias. A comprensión lectora trabállase basicamente con textos de todo tipo e cuxo fin vai desde a comprensión global dun texto ata a procura de información concreta.

Obxectivos do noso proxecto lector, entre outros, son:

- ✓ Fomentar o gusto pola lectura
- ✓ Descubrir o pracer de ler
- ✓ Gozar da lectura
- ✓ Implicar as familias na animación á lectura
- ✓ Favorecer a expresión oral e escrita
- ✓ Dinamizar espazos para a lectura no centro escolar
- ✓ Crear tempos para a lectura durante as clases

Coa nova lei de educación leremos todos os días media hora.

Traballarase a habilidade de facer esquemas e resumos a partir das ideas principais do texto.

Tamén buscaremos noticias en periódicos e revistas sobre os contidos traballados e a elaboración de murais.

Así mesmo usaremos libros da biblioteca de aula e da biblioteca do colexio.

No material do alumno vén retractilado un cómic coas divertidas aventuras dos personaxes de Super-Pixépolis.

As habilidades lectoras empregadas son:

- ✓ Recoñecer o significado dunha palabra polo contexto.
- ✓ Utilizar o dicionario para buscar o significado dunha palabra descoñecida.
- ✓ Recoñecer ideas expresadas indirectamente nun texto.
- ✓ Relacionar as ideas dun texto.
- ✓ Resumir un texto.
- ✓ Completar un esquema das partes do texto.

11.-CONCRECIÓN DO PLAN DAS TICS

Para conseguir a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, cara a súa formación como cidadáns activos e solidarios, empregaránse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información para incidir en aspectos específicos de estes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

Tratando de que o alumnado acade unha competencia dixital, desenvolvendo habilidades de búsqueda e obtención de información, cada clase disporá, alomenos, dunha hora semanal na aula de informática. Usaremos distintos software educativo. Ó mesmo tempo pódenos servir como recurso de búsqueda nos que unas veces iremos xuntos a aula de informática e outras animaremos ao alumnado a que realicen a búsqueda en casa coa axuda da familia.

Entre os obxectivos específicos a acadar para o noso alumnado destacamos os seguintes:

- ✓ Favorecer un uso máis educativo dos medios tecnolóxicos.
- ✓ Espertar o interese por aprender ao apoiarse nun soporte audiovisual de comunicación.
- ✓ Desenvolver o sentido crítico respecto á información recibida destes medios.
- ✓ Fomentar o traballo cooperativo (parella, pequeno grupo) entre o alumnado.
- ✓ Facilitar a comunicación do alumnado cos seus compañeiros de clase, do colexio, doutros colexios, doutras cidades, países, etc.

-
- ✓ Potenciar a inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo mediante o manexo de materiais adaptados e flexibles.
 - ✓ Tomar contacto coa nova forma de aprender.
 - ✓ Coñecer e utilizar diferentes programas.
 - ✓ Tomar conciencia de que as novas estratexias adquiridas son a base para a aprendizaxe autónoma do alumno ao longo de toda a súa vida.

11.1.-As TICS na área de Ciencias Sociais

As TIC facilitan a realización de indagacións en temas propios das Ciencias Sociais e crean un espazo para desenvolver nos estudantes habilidades de investigación (busca, acceso, selección e ou información); habilidades de análise (interpretación e síntese de información); e habilidades comunicativas (exposición coherente e fundamentada de ideas, opinións, conviccións, sentimentos e experiencias). Por outra parte, o software como o procesador de texto, a folla de cálculo e o presentador multimedia apoian a elaboración de ensaios, a realización de proxectos e a produción de publicacións (boletíns, periódico escolar...)

12.-ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

A competencia lingüística trabállase desde cada área e materia. A expresión oral e escrita e a comprensión oral son a ferramenta básica para que a comunicación eficaz na aula esté garantida.

As actividades que se van organizar para a dinamización da lingua galega serán determinadas polo EDLG ao inicio de cada curso e serán incorporadas na Programación Anual do Centro. Ditas actividades deberán estar relacionadas cos seguintes aspectos:

- ✓ Mellorar o contexto sociolingüístico de centro en lingua galega
- ✓ Maior emprego da lingua galega por parte do alumnado e profesorado
- ✓ Maior presenza ambiental do galego no centro.

Intentaremos colaborar en actividades como:

- ✓ Día da Biblioteca: 24 de Outubro
- ✓ Día do Libro: 23 de abril
- ✓ Día das Letras Galegas: 17 de Maio.

13.-CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE CONVIVENCIA

Consideramos que a convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental no proceso educativo e non só un conxunto de normas disciplinarias. Por iso se deben establecer canles para a aprendizaxe da convivencia dialogada e pacífica.

As medidas e estratexias para mellorar a convivencia han de desenvolverse nun marco protector amplo que recolla medidas de carácter educativo e organizativo. Por iso consideramos que as medidas que detaiamos a continuación recollen os aspectos básicos e esenciais necesarios para realizar un bo plantexamento da convivencia.

Establecemos pois as seguintes medidas:

- ✓ En cada titoría se presentan as normas claras de convivencia mediante murais alusivos para que sexan comprendidas polos alumnos incidindo naqueles aspectos que o precisen máis.
- ✓ Incorporamos contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos e a dinámica de grupos, procurando que se poñan en evidencia estes contidos e abordando, mediante a participación do grupo clase, sesións de valoración da convivencia.
- ✓ Fomentaremos a aprendizaxe cooperativa mediante a monitorización.
- ✓ Facemos un reparto equilibrado de responsabilidades e tarefas mediante a figura dos “encargados/as”, que irán rotando ao longo do curso.
- ✓ Favoreceremos a autoestima cando se detecten situacións de infravaloración.
- ✓ Crearemos un clima de confianza aceptando as suxerencias dos alumnos/as.
- ✓ Rexeitaremos as actividades grupais discriminatorias á hora de traballar en equipo, fomentando o compañeirismo.
- ✓ Fomentaremos a participación do grupo-clase, en tarefas e responsabilidades do coidado do centro relativas aos espazos comúns (biblioteca, pasillos, patios, baños,...), cun plantexamento positivo.
- ✓ Celebraremos o “Día da non violencia e a paz”, mediante actividades lúdicas e de cooperación relativas ao tema.
- ✓ Nas horas de titoría adicadas as entrevistas aos pais favoreceremos as suas colaboracións, implicándoas nos procesos relativos aos temas de convivencia.

-
- ✓ Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción, ésta terá un propósito formativo, xa que a disciplina debe favorecer obxectivos educativos estimulando cambios cognitivos, emocionais e conductuais.

Concluimos dicindo que a acción titorial constitúe o marco indispensable e necesario para establecer unhas boas bases de convivencia no grupo e por expansión á vida do colectivo total do alumnado.

A organización da aula, as estrategias de comunicación que se establecen, os vínculos relacionais, o axuste curricular, as normas da aula e as rutinas nas que o titor/a emprega no desempeño das súas tarefas,..., son os elementos dun fenómeno interactivo que vai a determinar sustancialmente o proceso da convivencia no centro.

14.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto
- Libros de lectura
- Recortables
- Troqueles.
- Biblioteca do centro
- Globo terráqueo
- Mapas
- Maquetas
- Ordenador
- Periódicos
- Revistas
- Fotografías
- Biblioteca de aula
- Xornais
- Páxinas web
- Pizarra dixital
- Ordenadores
- Etc.

15.-CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

0= non se contempla 1= contéplase de forma parcial 2= ben 3= excelente	
OBXECTIVOS	
Inclúense os obxectivos xerais da área e coa numeración establecida na orde de currículo	
Quedan conectados cos criterios de avaliación (CE) e os seus indicadores, comprobando que todos os obxectivos serán abordados ao longo curso	
COMPETENCIAS BÁSICAS	
Especifícase o tratamento xeral que se lle vai a dar a cada competencia ao expor a contribución da área ao desenvolvemento das mesmas	
As competencias conéctanse cos criterios de avaliación e a súa concreción en indicadores, para poder ser avaliadas	
Preséntanse desde a área estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita	
Consideración de medidas para incorporar o TIC, aos procesos de ensino e aprendizaxe	
CONTIDOS	
Secuenciación coherente	
Organización temporal dos contidos ao longo do curso, en unidades de traballo, temas ou proxectos.	
Presentación integrada dos contidos sen necesidade de diferenciar en conceptuais, procedimentais e actitudinais	
Vinculación dos contidos con situacións reais, significativas, funcionais ou motivantes para o alumnado	
AVALIACIÓN	
Inclúense a CE da área e coa numeración establecida na orde de currículo	
Concreción de indicadores de avaliación a partir da análise e desagregación da CE do currículo	
Concreción suficiente dos indicadores para ser observables ou medibles	
Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados	
Concrétanse os criterios de cualificación achegando un valor ponderado orientativo aos diferentes instrumentos de avaliación	
Para cada un da CE indícanse os indicadores que se consideran como aprendizaxes mínimas para superalo	
Os indicadores que expresan os mínimos exixibles aparecen en diversas	

unidades, temas ou proxectos para garantir suficientemente a súa adquisición Información ás familias e ao alumnado da CE, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e mínimos exixibles	
Actividades de apoio, reforzo e recuperación para atender á diversidade tendo en conta as aprendizaxes consideradas como mínimos	
Autorregulación da propia aprendizaxe: uso da autoevaluación e a coevaluación polo alumnado	
Considéranse procedementos para valorar e revisar a programación didáctica	
METODOLOGÍA	
Uso variado e coherente de diferentes métodos e estilos de ensino	
Estratexias para desenvolver procesos globalizados de ensino e aprendizaxe	
Consideración de metodoloxías que consideran o papel activo do alumno como factor decisivo da aprendizaxe	
Previsión de tarefas e propostas didácticas contextualizadas en situacións ou problemas significativos, funcionais e motivantes para o alumnado	
Metodoloxías de traballo cooperativo	
Importancia da investigación por parte do alumnado: metodoloxía de proxectos, descubrimento guiado, resolución de problemas da vida cotiá, webquest.	
Recursos didácticos, incluídos os materiais curriculares e libros de texto para o alumnado	
Organización flexible dos recursos espazo-temporais, agrupamentos e materiais	
OUTROS ASPECTOS	
Incorporación da forma de abordar os valores democráticos que establece o currículo	
Asociación temporal dos distintos valores democráticos coas unidades, temas ou proxectos nos que se van traballar	
Medidas de atención á diversidade e as adaptaciónes curriculares precisas	
Coordinación entre o profesorado que intervén co grupo de alumnos	
Coordinación do profesorado a nivel vertical	
Actividades extraescolares E complementarias	

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

<u>1.-OBXECTIVOS</u>	59
<u>2.-CONTIDOS</u>	60
<u>3.-AVALIACIÓN</u>	62
<u>3.1.-Criterios de avaliación</u>	63
<u>3.2.-Técnicas e instrumentos de avaliación.</u>	67
<u>3.3.-Criterios de corrección</u>	68
<u>4.-COMPETENCIAS CLAVE</u>	69
<u>4.1.-Competencia en comunicación lingüística.</u>	69
<u>4.2.-Conciencia e expresións culturais.</u>	70
<u>4.3.-Competencias sociais e cívicas.</u>	70
<u>4.4.-Competencia para aprender a aprender.</u>	70
<u>4.5.-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</u> ...	71
<u>4.6.-Competencia dixital.</u>	71
<u>4.7.-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</u>	71
<u>4.8.-Perfil competencial.</u>	72
<u>5.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES TIPO</u>	74
<u>6.-MINÍMOS ESIXIBLES</u>	77
<u>7.-CRITERIOS DE PROMOCIÓN</u>	80
<u>7.1.-Consideracións xerais</u>	81
<u>8.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</u>	82
<u>9.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Y EXTRAESCOLARES</u>	84
<u>10.-ACCIÓN S PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR</u>	85
<u>11.-CONCRECIÓN DO PLAN DAS TICS</u>	86
<u>12.-ACCIÓN S DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO</u>	87
<u>13.-CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE C4NVIVENCIA</u>	87
<u>14.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</u>	88
<u>15.-CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN</u>	90

1.-OBXECTIVOS

Constitúen uns enunciados que definen, en termos de capacidades, o tipo de desenvolvemento que esperamos que alcancen os alumnos ao termo da etapa. Estas capacidades orientarán e vertebrarán a actuación educativa en todas as áreas e atenderán a unha evolución integral da personalidade, pois refírense á súa dimensión intelectual, comunicativa, estética, socioafectiva e motriz.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- ee) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- ff) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- gg) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- hh) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- ii) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- jj) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- kk) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

-
- ll) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- mm) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- nn) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- oo) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- pp) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- qq) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- rr) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ss) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2.-CONTIDOS

Ao longo do presente curso traballaremos os seguintes contidos ao longo das distintas unidades de coñecemento como figura na seguinte táboa.

Estratexias e normas básicas para o intercambio comunicativo: participación; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos, ideas e coñecementos dos e das demais.

Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe.

Participa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando unha secuencia lineal sinxela.

Dedución das palabras evidentes polo contexto. Interese pola ampliación de vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas.

Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (producción

didáctica, gravacións, medios de comunicación).

Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.

Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.

Dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias.

Produción de textos orais breves e sinxelos segundo a súa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).

B1.10. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

B1.11. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar.

Lectura de distintos tipos de texto: próximos á súa experiencia.

Comprensión de textos de diversa tipoloxía, adecuados á súa idade utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.

Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións. Identificación de palabras clave. Anticipación de hipótese de significado polo contexto. Recoñecemento básico da tipoloxía textual.

Gusto pola lectura.

Selección de libros segundo o gusto persoal.

Lectura dos libros establecidos no Plan lector.

Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de información e lecer.

Iniciación á creación da biblioteca persoal.

Identificación das mensaxes transmitidas polo texto.

Uso guiado das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento igualmente guiado, da información.

Produción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades: con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas (informativos, literarios e prescritivos).

Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.

Aplicación das normas ortográficas axeitadas ao nivel.

Produción de textos segundo o Plan de escritura do centro.

Valoración da súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.

Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, xeración de ideas, estrutura...)

Textualización en frases elementais con secuencia lineal.

Revisión e mellora do texto.

Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómic.

Creación de textos utilizando as Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeito guiado.

Produción de textos segundo o Plan de escritura do centro.

A palabra.

Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos)
Características e uso de cada clase de palabra.

Tempos verbais: presente, pasado e futuro.

Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos).
Características e uso de cada clase de palabra.

Vocabulario. Frases feitas. Formación de substantivos, adxectivos e verbos. Recursos derivativos: prefixos e sufixos.

Recoñecemento dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado.

Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

Clases de nomes: comúns e propios.

As relacións gramaticais Recoñecemento e explicación reflexiva das relacións que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do grupo nominal

Utilización do material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade.

Identificación das variedades da lingua na nosa comunidade autónoma. Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

Valoración dos textos literarios como fonte de gozo persoal.

Lectura guiada e comentada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.

Identificación de recursos literarios.

Valoración de recursos literarios.

Creación de textos literarios en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións, e teatro.

Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.

Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.

Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.

3.-AVALIACIÓN

Como establece a LOMCE esta será continua, global e integradora e se fará tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis establecidos no decreto 105/2014.

Terá tres momentos: **inicial** para diagnosticar a situación de partida, **continua** para regular o proceso e **final** para valorar o grao de consecución dos obxectivos.

3.1.-Criterios de avaliación

1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra e a intervención dos e das demais.
2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.
3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula.
4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.
5. Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).
6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.
7. Reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses.
8. Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís.
9. Producir textos orais breves, imitando modelos a atendendo á forma e a intención comunicativa.
10. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
11. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.
12. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil.
13. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.
14. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.
15. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.
16. Usa, de xeito guiado, a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses.
17. Mostrar interese por ter unha biblioteca propia.
18. Identifica, con axuda, a estrutura básica de diferentes textos lidos.
19. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.
20. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas (informativos, literarios e prescritivos), aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.

-
21. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.
 22. Aplicar, de xeito guiado, todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.
 23. Elaborar, de xeito guiado, proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.
 24. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeito guiado para presentar as súas produción.
 25. Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, (categorías gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz.
 26. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.
 27. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.
 28. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.
 29. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.
 30. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.
 31. Valorar textos como fonte de lecer e información.
 32. Iniciar a lectura e expresiva de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.
 33. Valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.
 34. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos e poemas.
 35. Reproducir textos literarios breves e moi sinxelos adaptados á súa idade.
 36. Participar con interese en dramatizacións de sinxelos textos literarios adaptados á idade.
 37. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.

3.2.-Estándares de aprendizaxe.

-
-
- 54. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.**
55. Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.
56. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativo destes.
57. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.
58. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: diálogos, exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpre, das tecnoloxías da información e da comunicación.
59. Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.
60. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.
61. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.
62. Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos....
63. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.
64. Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.
65. Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.
66. Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.
67. Adecúa a entoación, o volume e o xesto á representación dramática.
68. Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas....
69. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.
70. Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
71. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.
72. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.
73. Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.
74. Identifica o tema dun texto sinxelo.
75. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).
76. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.
77. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes
78. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.
79. Dedicar, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria.
80. Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.
-

81. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre libros do seu interese.
82. Coida, conserva e organiza os seus libros.
83. Diferenza, con axuda, entre información e publicidade.
84. Formula hipóteses, de xeito guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súa idade.
85. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.
86. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios...
87. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc.
88. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.
89. Utiliza borradores que amosan a xeración e selección de ideas e a revisión ortográfica na escritura de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal, social e escolar.
90. Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas sobre experiencias realizadas: plantar fabas, cría de vermes de seda....
91. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.
92. Usa, con axuda, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir e presentar textos moi sinxelos.
93. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.
94. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos.
95. Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral e escrita.
96. Forma palabras compostas a partir de palabras simples.
97. Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións simples.
98. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.
99. Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.
100. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.
101. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.
102. Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais.
103. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.
104. Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas
105. Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.

-
-
106. Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificación)
 107. Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.
 108. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.
 109. Reproduce textos orais moi breves e sinxelos: cancións e poemas.
 110. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.
 111. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.

3.3.-Técnicas e instrumentos de avaliación.

Un instrumento de avaliación é o obxecto, medio ou material utilizado para aplicar unha técnica e recoller de forma sistemática a información que se obtén desta. Así mesmo son o conxunto de ferramentas e prácticas deseñadas para que os mestres poidan obter información precisa sobre a calidade da aprendizaxe dos seus estudantes.

Tamén se empregan para facilitar o diálogo entre os estudantes e o profesor referente ao proceso de aprendizaxe e como melloralo.

Á hora de selecciónalos débese ter en conta:

- ✓ Que aprendizaxe deben desenvolver os estudantes?
- ✓ De que xeito o instrumento permitirá apoiar o proceso de aprendizaxe unha vez que é aplicado
- ✓ Que técnica ou instrumento permitirán recoñecer mellor o logro da devandita aprendizaxe?

Algunha das técnicas ou instrumentos de avaliación que podemos empregar na aula son:

- Observación das actividades realizadas polos estudantes.
- Exploración por medio de preguntas formuladas polo profesor durante a clase.
- Os portfolios: É unha colección de documentos de traballo do alumno ou alumna que permite ver o seu esforzó, progresos e logros.
- Probas ou exames: Utilízanse para verificar o grao de rendemento ou aprendizaxe lograda polos estudantes.
- Mapas conceptuais: Son recursos gráficos que permiten representar xerarquicamente conceptos e proposicións sobre un tema determinado

- **Avaliación do desempeño:** Consisten no deseño de situacións onde os alumnos demostran as súas habilidades aprendidas ante tarefas xenuínas tales como aplicar unha técnica de primeiros auxilios, escribir un texto persuasivo, executar unha peza musical, facer un experimento, solucionar problemas matemáticos, entre outros.
- **Listas de control ou verificación e escalas:** Consiste nunha serie de ítems referidos a características, realizacións e actividades que requiren que o observador indique simplemente se se realizou ou non unha conduta.
- **Rexistros anecdóticos como as listas de control ou diarios de clase.**
- **Rúbricas.** Unha rúbrica é, basicamente, unha táboa na que se especifican unha serie de criterios de avaliación adaptándoos a uns niveis de eficiencia
- **Os traballos e exercicios que se realizan en clase:** Son unha serie de actividades que se realizan en clase co fin de valorar o nivel de comprensión ou execución por parte dos alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe
- **As tarefas ou traballos que se solicitan aos alumnos para realizar fóra de clase:** Poden variar entre exercicios, solución de problemas, visitas a lugares, investigación na biblioteca, museos entre outros. Pódense realizar de xeito individual ou en grupos cooperativos.

3.4.-Criterios de corrección

Segundo os distintos instrumentos de avaliación empregados na aula os resultados obtidos en cada un deles terán un peso determinado na avaliación xeral da Área.

	%
Actividades realizadas polo alumnado.	
Portfolio	
Probas ou exames	
Mapas conceptuais	
Avaliación de desempeño	
Listas de control	
Rexistros anecdóticos	
Rúbricas	
Outros ... (especificar)	

4.-COMPETENCIAS CLAVE

O traballo en Lingua Castelá e Literatura ten unha relación disciplinar coa Competencia lingüística; igual que sucede coa Conciencia e expresións culturais, da que forma parte importante a creación literaria. Dende un punto de vista transversal, a lingua é o vehículo de comunicación por excelencia, ten unha faceta de regulación da propia conduta e outra, de catalizador das aprendizaxes; dende estes enfoques, a área contribúe de forma moi directa á adquisición das competencias sociais e cívicas e á competencia para aprender a aprender. Non obstante, tamén se abordan nela un gran número de aspectos que forman parte do resto de competencias.

4.1.-Competencia en comunicación lingüística.

Na área de Lingua Castelá e Literatura, recóllense todos os aspectos básicos desta competencia. A linguaxe é o instrumento fundamental da aprendizaxe porque calquera actividade das persoas ten como punto de partida e como ferramenta de procesamento intelectual o uso da lingua.

Os coñecementos que se integran na competencia en comunicación lingüística pódense expresar nos seguintes puntos:

- ✓ Coñecemento do compoñente lingüístico.
- ✓ Coñecemento do compoñente pragmático-discursivo e sociocultural.

As habilidades propias desta competencia agrúpanse en torno ás modalidades de comunicación e aos soportes das devanditas modalidades: oralidade, escritura, comunicación audiovisual. Esta diversidade de modalidades e soportes require dunha alfabetización máis complexa, recollida no concepto de alfabetizacións múltiples.

A competencia en comunicación lingüística é tamén un instrumento fundamental para a socialización. Este enfoque orienta as actitudes e valores que o individuo pon en funcionamento mediante a experiencia comunicativa:

- ✓ Respecto ás normas de convivencia.
- ✓ Exercicio activo da cidadanía.
- ✓ Desenvolvemento dun espírito crítico.
- ✓ Respecto aos dereitos humanos e o pluralismo.

-
- ✓ Concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia.
 - ✓ Resolución de conflitos.
 - ✓ Desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos.
 - ✓ Actitude de curiosidade, interese e creatividade cara á aprendizaxe.
 - ✓ Recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia (lectura, conversación, escritura, etcétera) como fontes de pracer relacionada co desfrute persoal e cuxa promoción e práctica son tarefas esenciais no reforzo da motivación cara á aprendizaxe

4.2.-Conciencia e expresións culturais.

Esta competencia implica habilidades e coñecementos que permiten comprender e interpretar distintas manifestacións culturais (patrimonio cultural, histórico-artístico, literario, filosófico, tecnolóxico, ambiental, etcétera); e capacidades vinculadas á expresión e a creación persoal. Neste caso, o foco recae sobre o coñecemento das técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas e a identificación das relacións existentes entre esas manifestacións e a sociedade, o cal supón tamén ter conciencia da evolución do pensamento, as correntes estéticas, as modas e os gustos, así como da importancia representativa, expresiva e comunicativa dos factores estéticos na vida cotiá. O coñecemento da lingua, a linguaxe matemática e as linguaxes artísticas forman unha armazón de habilidades que permiten ao individuo expresarse de forma completa e comprender o seu ámbito en profundidade.

4.3.-Competencias sociais e cívicas.

Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como as capacidades de: comunicarse dun xeito construtivo en distintos ámbitos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía. Todas estas habilidades abórdanse como contido na área de Lingua Castelá e Literatura que ofrece un contexto disciplinar a estas cuestións, dende o tratamento da teoría da comunicación.

4.4.-Competencia para aprender a aprender.

A adquisición desta competencia implica que os alumnos avancen para conseguir unha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónoma que lles permita coñecer e controlar progresivamente os propios procesos de aprendizaxe para axustalos aos tempos e as demandas das tarefas e actividades que conducen á aprendizaxe. A reflexión sobre a aprendizaxe, a metacognición, canalízase a través da linguaxe

4.5.-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

No ámbito da competencia matemática, como linguaxe que é, inclúense aspectos que se relacionan de forma directa coa área de Lingua Castelá e Literatura. Prodúcese transferencias entre ambas as dúas linguaxes nos seguintes puntos:

- ✓ A elaboración de xuízos fundados e de cadeas argumentais.
- ✓ A análise de gráficos e representacións matemáticas; a manipulación de expresións alxébricas, e a explicación do seu contido.
- ✓ A creación de descrições e explicacións matemáticas que levan implícitas a interpretación de resultados matemáticos e a reflexión sobre a súa adecuación ao contexto.
- ✓ Razoamento que permite chegar a determinar se as solucións obtidas son adecuadas e que teñen sentido na situación en que se presentan.

As aprendizaxes correspondentes a **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**, ao igual que acontece con outras disciplinas, adquírense e constrúense a través da linguaxe. No ámbito destas competencias encóntranse os aspectos relacionados coa comunicación da ciencia para transmitir axeitadamente os coñecementos, achados e procesos. O uso correcto da linguaxe científica relaciónase directamente coa área de Lingua Castelá e Literatura que constitúe un dos piares desta competencia

4.6.-Competencia dixital.

As Tecnoloxías da Información e da Comunicación proporcionan un acceso rápido e sinxelo á información sobre o medio e ofrecen, ademais, ferramentas atractivas, motivadoras e facilitadora das aprendizaxes. A área de Lingua Castelá e Literatura é neste caso tamén o soporte para a comprensión, selección, reelaboración e comunicación da información.

4.7.-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Esta competencia implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación na que se intervén ou que se resolve e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto. Mediante a linguaxe as persoas organizan as súas ideas para establecer os seus obxectivos, planifican procesos, formulan hipótese sobre os resultados de diversas accións e avanza

estratexias para contrarrestar desviacións da planificación. O procedemento básico, pois, para alcanzar a devandita competencia, encóntrase implícito no avance dos coñecementos sobre a lingua.

4.8.-Perfil competencial.

Á hora de avaliar o nivel competencial do noso alumnado teremos en conta a seguinte táboa na que se establece a relación que teñen cada un dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da área de Lengua e Literatura castelá con cada unha das competencias claves que establece o currículo

	CCL	CMCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
Exprésase de forma global sentimentos, vivencias e opinións.	x			x	x		
Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.	x			x	x		
Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativo destes.	x						
Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.	x						
LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: diálogos, exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.			x	x	x	x	
Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.	x						
Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.	x						
Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.	x			x			
Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos....	x			x			
Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.	x						
Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.	x		x	x			
Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.	x		x	x	x		
Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.	x			x			x
Adecúa a entoación, o volume e o xesto á representación dramática.	x						
Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas....	x			x		x	
Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.	x			x		x	
Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	x				x		
Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.	x			x	x	x	
Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.	x						
Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.	x						
Identifica o tema dun texto sinxelo.	x			x			

Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	x			x			
Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.	x			x			
Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes	x			x			
Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.	x			x			
Dedica, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria.	x						
Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.	x						
Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre libros do seu interese.	x		x	x			
Coida, conserva e organiza os seus libros.	x				x		
Diferenza, con axuda, entre información e publicidade.	x			x	x		
Formula hipóteses, de xeito guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súa idade.	x			x			
Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.	x		x	x			
Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa) e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios...	x		x	x			
Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc.	x			x			
Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	x				x		
Utiliza borradores que amosan a xeración e selección de ideas e a revisión ortográfica na escritura de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal, social e escolar.	x			x		x	
Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas sobre experiencias realizadas: plantar fabas, cría de vermes de seda...	x			x			
Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.	x		x	x			
Usa, con axuda, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir e presentar textos moi sinxelos.	x		x	x			
Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.	x						
Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos.	x						
Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral e escrita.	x						
Forma palabras compostas a partir de palabras simples.	x						
Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións simples.	x						
Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.	x						
Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e	x						

escrita.							
Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.	x						
Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.	x						
Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais.	x		x	x			
Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	x			x			
Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas	x						x
Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.	x			x			x
Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións)	x			x			
Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.	x			x			x

5.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES TIPO

A lingua constitúe unha ferramenta fundamental para que ser humano poida articular o seu propio pensamento, comprender e representar a realidade, adquirir novos coñecementos e comunicarse cós demais. O seu correcto coñecemento e dominio por parte do alumnado é un dos principais obxectivos do sistema educativo.

O currículo de Educación Primaria emanado da Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) establece que a área de Lingua Castelá e Literatura na Educación Primaria ten como finalidade «o desenvolvemento das destrezas básicas» no uso da lingua: escoitar, falar, ler e escribir, de forma integrada», ao tempo que busca facer dos alumnos lectores competentes, capaces de apreciar e gozar co feito literario.

A presente proposta didáctica para a área de Lingua Castelá e Literatura do 2.º curso de Educación Primaria parte dos contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliabile e as orientacións de metodoloxía didáctica definidos no currículo da etapa.

Esta proposta artículase en torno aos seguintes eixes:

A aprendizaxe da lectoescritura.

O ensino da lectoescritura parte da comprensión por parte do alumno do sentido global de palabras, frases ou textos sinxelos para posteriormente pasar a dividilos en unidades menores. Faise fincapé no desenvolvemento da conciencia fonolóxica por parte do alumno.

A lectura e a escritura de textos.

O desenvolvemento da competencia lectora e escritora do alumno é unha das metas máis importantes do 2.º curso de Educación Primaria. Así, as unidades desta programación comezan cun texto narrativo que foi redactado por un autor de Literatura Infantil e Xuvenil atendendo ao desenvolvemento cognitivo do alumnado e no que se transmiten valores axeitados para o seu desenvolvemento individual e para a súa convivencia cos demais. Ademais, as unidades inclúen outras tipoloxías de texto coa finalidade de iniciar o alumno na súa lectura e composición escrita .

A comprensión lectora.

Concibida como unha dimensión inseparable da experiencia lectora, buscouse complementar a lectura dos textos iniciais das unidades con actividades que fagan que os alumnos desenvolvan diversas habilidades e estratexias de comprensión lectora.

A comprensión e expresión oral.

Atendendo á importancia da dimensión oral da competencia comunicativa, incluíuse nas unidades unha sección específica para o seu desenvolvemento na aula. As actividades que nela se propoñen enmárcanse en situacións comunicativas próximas ás experiencias do alumnado. Ao mesmo tempo, para reforzar esta capacidade, as unidades incorporan de xeito transversal actividades de carácter oral ao longo das súas distintas seccións

A reflexión lingüística.

O coñecemento lingüístico constitúe un elemento esencial da competencia comunicativa. Por iso, abordárase o estudo das regras gramaticais, ortográficas e léxicas dun xeito integrado e cunha clara orientación cara á aplicación dos saberes lingüísticos adquiridos en situacións comunicativas

As competencias clave.

A adquisición por parte do alumnado das competencias clave constitúe outra das liñas fundamentais da presente proposta. Esta realízase dende unha formulación integradora e funcional, coa finalidade de que os contidos da área de Lingua Castelá e Literatura contribúan ao desenvolvemento das distintas competencias definidas polo actual currículo escolar como básicas ou clave.

A aplicación das TIC.

A sociedade e a educación do século XXI non se poden entender xa sen as TIC. Ante esta realidade, esta programación incorpora de xeito transversal a súa utilización nos procesos de ensino-aprendizaxe co obxectivo de que o alumno adquira os coñecementos e as habilidades necesarios para empregalas de forma eficaz e responsable, tanto na aula como fóra dela.

En canto á metodoloxía dos procesos de ensino-aprendizaxe, a presente proposta didáctica susténtase nos seguintes principios:

A aprendizaxe significativa. Pártese dos coñecementos e as experiencias do alumno para o desenvolvemento na aula das novas aprendizaxes

O enfoque funcional da lingua. Dende unha perspectiva funcional e pragmática, abórdase o estudo da lingua tendo como obxectivo o de facer dos alumnos individuos capaces de comunicarse de xeito axeitada e eficaz cando interactuar cos demais, xa sexa no ámbito familiar, académico ou social.

O rol do alumno. O éxito da educación radica en boa medida en converter o alumno no verdadeiro protagonista da súa propia aprendizaxe, ao tempo que o docente actúa de facilitador e mediador deste. Para iso búscase motivar o alumno con contidos e actividades enmarcados en situacións próximas á súa experiencia, que poñan en evidencia a utilidade das aprendizaxes que este realice

A axeitada organización e secuenciación dos contidos e actividades.

Considérase que unha correcta organización e secuenciación dos contidos e actividades propostos é imprescindible para que o alumno leve a cabo as aprendizaxes buscadas

O reforzamento das aprendizaxes realizadas. Este realízase a través do repaso e a aplicación dos coñecementos e habilidades xa adquiridos en novas situacións didácticas a medida que avanza o curso.

A innovación educativa. Nos últimos anos, a investigación no campo da didáctica achegou novos enfoques que buscan superar as limitacións do modelo tradicional educativo. A presente proposta integra varias destas achegas -por exemplo, a teoría das intelixencias múltiples ou as estratexias de aprendizaxe cooperativa- coa finalidade de enriquecer a experiencia educativa que se desenvolve na aula e mellorar os resultados académicos do alumnado.

A atención á diversidade do alumnado. Ante a realidade dun alumnado diverso e con diferentes estilos de aprendizaxe, búscase contar con materiais e recursos que permitan afrontala de xeito exitoso. Entre outros recursos, cabe destacar, ademais do libro do alumno, os dos contos iniciais das unidades, os Bits de Ortografía, o CD dos contos das unidades en audio, as gravacións da sección comprensión oral e os ditados, o Libro Dixital, os recortables, os adhesivos e os manipulables

6.-MINÍMOS ESIXIBLES

Comunicación oral. escoitar e falar.

- Participa en situacións comunicativas da aula respectando as normas que rexen a interacción oral: quendas de palabra, ton axeitado, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala, actitude receptiva de escoita e respecto as opinións das demais persoas.
- Usa fórmulas de tratamento adecuado para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
- Comprende e volara textos orais procedentes da radio e da TV para obter información xeral.
- Produce textos orais con finalidade didáctica ou coma feitos cotidiáns: breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe, explicacións sobre organización do traballo.
- escoita textos procedentes da literatura oral galega.

-
- Comprende, memoriza e recita poemas co ritmo, pronunciación e entoación adecuado.
 - Dramatiza textos literarios.
 - Aмосa actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe colectiva.
 - Mostra interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación axeitada.
 - Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas: xénero, razas, etnias.

Comunicación escrita. Ler e escribir.

- Comprende informacións concretas en textos de uso cotián: invitacións, felicitacións, notas, avisos e SMS.
- Comprende informacións sobre feitos próximos aos alumnos/as en noticias procedentes dos medios de comunicación social.
- Usa aspectos iconográficos como axuda á comprensión de información textual.
- Integra os coñecementos e as informacións procedentes de diferentes soportes textuais para aprender, identificando, clasificando e comparando.
- Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís: invitacións, notas, avisos, cartas utilizando as características de cada xénero.
- Compón textos propios dos medios de comunicación social: novas, titulares, pés de foto...sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais da escola.
- Compón textos para obter, organizar e comunicar información: cuestionarios, listaxes, descricións, explicacións elementais.
- Le textos infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.
- Ten autonomía lectora, pola comunicación das preferencias persoais, e pola apreciación do texto literario como recurso de disfrute persoal.
- Recrea e reescribe textos narrativos (contos) e de carácter poético: adiviñas, refráns, trabalinguas, cantigas, xogos de sorte... usando modelos.

-
- Adquire progresivamente convencións do código escrito.
 - Iníciase na utilización de programas informáticos de procesamento de textos.
 - Interésase pola escritura como instrumento de relación e de aprendizaxe.
 - Interésase pola presentación coidada e polo uso de normas ortográficas en textos escritos.
 - Iníciase no uso dirixido das TICs como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.
 - Usa a biblioteca do centro e da aula como medio de aproximación á literatura e como espazo privilexiado para a diversión e para o coñecemento.
 - Interésase polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.

Coñecemento da lingua.

- Recoñece situacións sociais como intercambios comunicativos.
- Identifica contextos en que a comunicación se produce mediante textos escritos.
- Identifica textos de uso cotián a partir de elementos de paratextuais e textuais.
- Observa as diferenzas entre lingua oral e lingua escrita.
- Recoñece a relación entre son e grafía no sistema lingüístico.
- Identifica a palabra como instrumento básico para a segmentación da escritura.
- Coñece as normas ortográficas máis sinxelas.
- Substitue, inserta, suprime, cambio a orde e segmenta elementos lingüísticos no funcionamento dos enunciados e textos para adquirir novos recursos.
- Iníciase na reflexión sobre as estratexias de planificación, textualización e revisión como parte do proceso escritor.
- Iníciase na identificación implícita de: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, nome común e nome propio.

-
- Observa as variacións morfolóxicas: singular-plural, feminino-masculino en textos.

Educación literaria

- Valora os textos propios da literatura infantil.
- Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.
- Crea, con axuda, sinxelos textos literarios a partir modelos dados.
- Reproduce textos orais sinxelos.

7.-CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Os criterios de promoción son un conxunto de acordos que concretan e adaptan ao contexto do Centro docente os criterios xerais de avaliación establecidos na normativa vixente que resulte de aplicación.

- Durante o primeiro mes do curso escolar os titores e titoras e profesores e profesoras realizarán unha avaliación inicial do alumnado. A devandita avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou nivel anterior correspondentes aos alumnos e alumnas do seu grupo, que se completarán con outros datos obtidos polo propio titor ou titora sobre o punto de partida dende o que o alumno ou alumna inicia as novas aprendizaxes.
- Tras esa avaliación inicial, os titores realizarán unha valoración dos resultados e en reunión co equipo docente e Departamento de Orientación adoptaranse as medidas de reforzo, apoio e recuperación para o alumnado que o necesite. Estes alumnos e as medidas tamén quedarán reflectidos no informe que emitirán os titores. Á reunión asistirán tamén o Orientador/a.
- Os procedementos formais de avaliación, criterios comúns, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección e cualificación serán dados a coñecer aos alumnos nos primeiros días do curso polos distintos profesores das materias, así como aos pais ou titores legais no primeiro trimestre do curso (en reunión de pais de principio de curso).

-
- No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo ou adaptación curricular e adoptaranse en calquera momento do curso.

7.1.-Consideracións xerais

O alumnado promoverá ao nivel ou etapa seguinte sempre que o equipo docente considere que alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e o axeitado grao de madureza.

Así mesmo promoverá sempre que as aprendizaxes non alcanzadas non lle impidan seguir con aproveitamento o novo ciclo ou etapa.

A decisión de promoción dun alumno/a tomaraa o equipo docente de forma colexiada. Para esta decisión, haberá que ter tomado especial consideración a opinión do titor ou titora.

Este proceso contará en todo momento co asesoramento do Gabinete de Orientación.

Na sesión de avaliación para a decisión de promoción, o equipo docente estudará por separado cada caso tendo en conta a singularidade de cada alumno ou alumna, atendendo á natureza das súas dificultades e analizando se estas lle impiden verdadeiramente seguir con éxito o curso seguinte, así como as expectativas favorables de recuperación.

O alumno/a poderá repetir unha soa vez en Educación Primaria. Esta medida poderase adoptar unha soa vez ao longo da Educación Primaria e irá acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación. No caso que fora necesaria unha segunda repetición (extraordinaria) en Educación Primaria, será determinante o asesoramento e decisión do Gabinete de Orientación do Centro.

Os criterios de promoción serán establecidos atendendo á adquisición das competencias clave, a consecución dos obxectivos xerais de ciclo e ás posibilidades de progreso do alumnado.

Polo tanto, un alumno/a non promoverá á seguinte etapa ou nivel se non superou máis de dúas áreas e tampouco con dúas se son Lingua Castelá ou Lingua Galega e Matemáticas.

En caso de que se formule a promoción con outras áreas que non sexan os casos anteriormente citados teremos en conta a adquisición das competencias claves, a consecución dos obxectivos xerais da etapa e ás posibilidades de progreso do alumnado.

8.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O profesorado participará de forma global no tratamento da diversidade do alumnado xa que cada alumno ou alumna dentro da aula desenvolve diferentes ritmos de aprendizaxe.

Para facilitar os avances individuais téñense en conta os coñecementos previos dos alumnos e a súa actitude ante os diferentes contidos para que o proceso de adquisición de novos contidos siga un proceso natural.

Dáse una especial importancia ao autoconhecimento e ao respecto así como traballar a intelixencia emocional, os xogos cooperativos e a resolución pacífica de conflitos.

Propóñense actividades de reforzo para os alumnos que necesiten afianzar conceptos e de ampliación para aqueles que rematen axiña as actividades e poden ampliar contidos.

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Entre as medidas indicadas na epígrafe anterior considéranse as que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

- ✓ A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.
- ✓ A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Estableceranse os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo dese alumnado. Estas adaptacións se realizarán buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave, e a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería competente en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas. Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería competente en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o daquel alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

Adaptacións curriculares.

A Adaptación Curricular (Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeneral) é un proceso de toma de

decisión sobre os elementos do currículo para dar respostas educativas ás necesidades dos alumnos mediante a realización de modificacións nos elementos de acceso ao currículo y/o nos mesmos elementos que o constitúen.

A aplicación e cumprimento das adaptacións curriculares serán responsabilidade dos titores e profesores segundo acordos adoptados. Levarase a cabo unha avaliación continua, formativa e sistemática na que, se fose necesario, colaborará o departamento de orientación.

Os resultados das distintas avaliacións e as calificacións obtidas reflectirase, como ó resto dos alumnos do centro, no boletín de información ós pais. Nestes deberán recollese os obxectivos e contidos do nivel no que se atope o alumno, os obxectivos e contidos adaptados recollidos na súa adaptación curricular e as calificacións obtidas. Serán os titores e os distintos profesores, de apoio e de áreas, os encargados de emitir dito boletín.

9.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Y EXTRAESCOLARES

Programáanse na medida que sexa posible, visitas culturais, exposicións, representacións teatrais, animación a lectura, etc...

Tratarase de ter una programación no centro con contacontos, actuacións teatrais, visita de algún escritor/a, exposicións viaxeiras...

Promoverase a realización de actos coincidindo coas celebracións escolares: Magosto, Samaín, Constitución, Festival de Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas... nos que a lingua teña una importancia capital.

De forma paralela concienciarase ao alumnado de que as actividades propostas forman parte do currículo das distintas áreas, non sendo simplemente saídas ou festas ocasionais.

Para que poidan participar nas que son fora do Centro, será necesaria unha autorización firmada polos pais ou titores legais. A falla desta autorización exclúe ao alumno da actividade prevista. Cada titor conservará a mencionada autorización ata o final da actividade.

O centro ten unha Programación Xeral Anual de actividades extraescolares na que este nivel participa en todos os actos e actividades nas que poñamos de manifesto a

lingua e a literatura e todas as que o longo do curso poidan plantexarse por parte do Departamento de Normalización Lingüística, biblioteca... para acadar os obxectivos propostos.

10.-ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

A competencia lectora desenvólvese desde todas e cada unha das áreas e materias. A comprensión lectora trabállase básicamente con textos de todo tipo e cuxo fin vai desde a comprensión global dun texto ata a procura de información concreta.

Obxectivos do noso proxecto lector, entre outros, son:

- ✓ Fomentar o gusto pola lectura
- ✓ Descubrir o pracer de ler
- ✓ Gozar da lectura
- ✓ Implicar as familias na animación á lectura
- ✓ Favorecer a expresión oral e escrita
- ✓ Dinamizar espazos para a lectura no centro escolar
- ✓ Crear tempos para a lectura durante as clases

Coa nova lei de educación leremos todos os días media hora.

Traballarase a habilidade de facer esquemas e resumos a partir das ideas principais do texto.

Tamén buscaremos noticias en periódicos e revistas sobre os contidos traballados e a elaboración de murais.

Así mesmo usaremos libros da biblioteca de aula e da biblioteca do colexio.

As habilidades lectoras empregadas son:

- ✓ Recoñecer o significado dunha palabra polo contexto.
- ✓ Utilizar o dicionario para buscar o significado dunha palabra descoñecida.
- ✓ Recoñecer ideas expresadas indirectamente nun texto.
- ✓ Relacionar as ideas dun texto.

- ✓ Resumir un texto.
- ✓ Completar un esquema das partes do texto.

11.-CONCRECIÓN DO PLAN DAS TICS

Para conseguir a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, cara a súa formación como cidadáns activos e solidarios, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información para incidir en aspectos específicos de estes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

Tratando de que o alumnado acade unha competencia dixital, desenvolvendo habilidades de búsqueda e obtención de información, cada clase disporá, alomenos, dunha hora semanal na aula de informática. Usaremos distintos software educativo. Ó mesmo tempo pódenos servir como recurso de búsqueda nos que unhas veces iremos xuntos a aula de informática e outras animaremos ao alumnado a que realicen a búsqueda en casa coa axuda da familia.

Entre os obxectivos específicos a acadar para o noso alumnado destacamos os seguintes:

- ✓ Favorecer un uso máis educativo dos medios tecnolóxicos.
- ✓ Espertar o interese por aprender ao apoiarse nun soporte audiovisual de comunicación.
- ✓ Desenvolver o sentido crítico respecto á información recibida destes medios.
- ✓ Fomentar o traballo cooperativo (parella, pequeno grupo) entre o alumnado.
- ✓ Facilitar a comunicación do alumnado cos seus compañeiros de clase, do colexio, doutros colexios, doutras cidades, países, etc.
- ✓ Potenciar a inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo mediante o manexo de materiais adaptados e flexibles.
- ✓ Tomar contacto coa nova forma de aprender.
- ✓ Coñecer e utilizar diferentes programas.
- ✓ Tomar conciencia de que as novas estratexias adquiridas son a base para a aprendizaxe autónoma do alumno ao longo de toda a súa vida.

12.-ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

A competencia lingüística trabállase desde cada área e materia. A expresión oral e escrita e a comprensión oral son a ferramenta básica para que a comunicación eficaz na aula esté garantida.

As actividades que se van organizar para a dinamización da lingua galega serán determinadas polo EDLG ao inicio de cada curso e serán incorporadas na Programación Anual do Centro. Ditas actividades deberán estar relacionadas cos seguintes aspectos:

- ✓ Mellorar o contexto sociolingüístico de centro en lingua galega
- ✓ Maior emprego da lingua galega por parte do alumnado e profesorado
- ✓ Maior presenza ambiental do galego no centro.

Intentaremos colaborar en actividades como:

- ✓ Día da Biblioteca: 24 de Outubro
- ✓ Día do Libro: 23 de abril
- ✓ Día das Letras Galegas: 17 de Maio.

13.-CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE CONVIVENCIA

Consideramos que a convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental no proceso educativo e non só un conxunto de normas disciplinarias. Por iso se deben establecer canles para a aprendizaxe da convivencia dialogada e pacífica.

As medidas e estratexias para mellorar a convivencia han de desenvolverse nun marco protector amplo que recolla medidas de carácter educativo e organizativo. Por iso consideramos que as medidas que detaiamos a continuación recollen os aspectos básicos e esenciais necesarios para realizar un bo plantexamento da convivencia.

Establecemos pois as seguintes medidas:

- ✓ En cada titoría se presentan as normas claras de convivencia mediante murais alusivos para que sexan comprendidas polos alumnos incidindo naqueles aspectos que o precisen máis.
- ✓ Incorporamos contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos e a dinámica de grupos, procurando que se poñan

en evidencia estes contidos e abordando, mediante a participación do grupo clase, sesións de valoración da convivencia.

- ✓ Fomentaremos a aprendizaxe cooperativa mediante a monitorización.
- ✓ Facemos un reparto equilibrado de responsabilidades e tarefas mediante a figura dos “encargados/as”, que irán rotando ao longo do curso.
- ✓ Favoreceremos a autoestima cando se detecten situacións de infravaloración.
- ✓ Crearemos un clima de confianza aceptando as suxerencias dos alumnos/as.
- ✓ Rexeitaremos as actividades grupais discriminatorias á hora de traballar en equipo, fomentando o compañeirismo.
- ✓ Fomentaremos a participación do grupo-clase, en tarefas e responsabilidades do coidado do centro relativas aos espazos comúns (biblioteca, pasillos, patios, baños,...), cun plantexamento positivo.
- ✓ Celebraremos o “Día da non violencia e a paz”, mediante actividades lúdicas e de cooperación relativas ao tema.
- ✓ Nas horas de titoría adicadas as entrevistas aos pais favoreceremos as súas colaboracións, implicándoas nos procesos relativos aos temas de convivencia.
- ✓ Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción, ésta terá un propósito formativo, xa que a disciplina debe favorecer obxectivos educativos estimulando cambios cognitivos, emocionais e conductuais.

Concluimos dicindo que a acción titorial constitúe o marco indispensable e necesario para establecer unhas boas bases de convivencia no grupo e por expansión á vida do colectivo total do alumnado.

A organización da aula, as estratexias de comunicación que se establecen, os vínculos relacionais, o axuste curricular, as normas da aula e as rutinas nas que o titor/a emprega no desempeño das súas tarefas,..., son os elementos dun fenómeno interactivo que vai a determinar sustancialmente o proceso da convivencia no centro.

14.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- | | |
|---------------------|------------------------|
| → Libro de texto | → Bits de ortografía |
| → Libros de lectura | → Abecedarios |
| → Recortables | → Biblioteca do centro |
| → Troqueles. | → Biblioteca de aula |

-
- Xornais
 - Páxinas web
 - CD audio
 - Pizarra dixital
 - Ordenadores
 - Etc.

15.-CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

0= non se contempla 1= contéplase de forma parcial 2= ben 3= excelente	
OBXECTIVOS	
Inclúense os obxectivos xerais da área e coa numeración establecida na orde de currículo	
Quedan conectados cos criterios de avaliación (CE) e os seus indicadores, comprobando que todos os obxectivos serán abordados ao longo curso	
COMPETENCIAS BÁSICAS	
Especifícase o tratamento xeral que se lle vai a dar a cada competencia ao expor a contribución da área ao desenvolvemento das mesmas	
As competencias conéctanse cos criterios de avaliación e a súa concreción en indicadores, para poder ser avaliadas	
Preséntanse desde a área estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita	
Consideración de medidas para incorporar o TIC, aos procesos de ensino e aprendizaxe	
CONTIDOS	
Secuenciación coherente	
Organización temporal dos contidos ao longo do curso, en unidades de traballo, temas ou proxectos.	
Presentación integrada dos contidos sen necesidade de diferenciar en conceptuais, procedimentais e actitudinais	
Vinculación dos contidos con situacións reais, significativas, funcionais ou motivantes para o alumnado	
AVALIACIÓN	
Inclúense a CE da área e coa numeración establecida na orde de currículo	
Concreción de indicadores de avaliación a partir da análise e desagregación da CE do currículo	
Concreción suficiente dos indicadores para ser observables ou medibles	
Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados	
Concrétanse os criterios de cualificación achegando un valor ponderado orientativo aos diferentes instrumentos de avaliación	
Para cada un da CE indícanse os indicadores que se consideran como aprendizaxes mínimas para superalo	
Os indicadores que expresan os mínimos exixibles aparecen en diversas unidades, temas ou proxectos para garantir suficientemente a súa adquisición	

Información ás familias e ao alumnado da CE, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e mínimos exixibles	
Actividades de apoio, reforzo e recuperación para atender á diversidade tendo en conta as aprendizaxes consideradas como mínimos	
Autorregulación da propia aprendizaxe: uso da autoevaluación e a coevaluación polo alumnado	
Considéranse procedementos para valorar e revisar a programación didáctica	
METODOLOGÍA	
Uso variado e coherente de diferentes métodos e estilos de ensino	
Estratexias para desenvolver procesos globalizados de ensino e aprendizaxe	
Consideración de metodoloxías que consideran o papel activo do alumno como factor decisivo da aprendizaxe	
Previsión de tarefas e propostas didácticas contextualizadas en situacións ou problemas significativos, funcionais e motivantes para o alumnado	
Metodoloxías de traballo cooperativo	
Importancia da investigación por parte do alumnado: metodoloxía de proxectos, descubrimento guiado, resolución de problemas da vida cotiá, webquest.	
Recursos didácticos, incluídos os materiais curriculares e libros de texto para o alumnado	
Organización flexible dos recursos espazo-temporais, agrupamentos e materiais	
OUTROS ASPECTOS	
Incorporación da forma de abordar os valores democráticos que establece o currículo	
Asociación temporal dos distintos valores democráticos coas unidades, temas ou proxectos nos que se van traballar	
Medidas de atención á diversidade e as adaptacións curriculares precisas	
Coordinación entre o profesorado que intervén co grupo de alumnos	
Coordinación do profesorado a nivel vertical	
Actividades extraescolares E complementarias	

LINGUA GALEGA E LITERATURA

1.-OBXECTIVOS	94
2.-CONTIDOS	95
3.-AVALIACIÓN	97
3.1.-Criterios de avaliación	97
3.2.-Estándares de aprendizaxe	99
3.3.-Técnicas e instrumentos de avaliación	101
3.4.-Criterios de corrección	102
4.-COMPETENCIAS CLAVE	103
4.1.-Competencia en comunicación lingüística	103
4.2.-Conciencia e expresións culturais	104
4.3.-Competencia para aprender a aprender	105
4.4.-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía ..	105
4.5.-Competencia dixital	105
4.6.-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	106
4.7.-Perfil competencial	106
5.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES TIPO	106
5.1.-A aprendizaxe da lectoescritura	107
5.2.-A lectura e a escritura de textos	107
5.3.-A comprensión lectora	108
5.4.-A comprensión e expresión oral	108
5.5.-A reflexión lingüística	109
5.6.-As competencias clave	109
5.7.-A aplicación das TIC	109
6.-MINÍMOS ESIXIBLES	110
7.-CRITERIOS DE PROMOCIÓN	110
7.1.-Consideracións xerais	111
8.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	112
9.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Y EXTRAESCOLARES	114
10.-ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR	114
12.-CONCRECIÓN DO PLAN DAS TICS	115
12.1.-As TIC na área de Lingua	116
13.-ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO	117

<u>14.-CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE CONVIVENCIA</u>	117
<u>15.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</u>	119
<u>16.-CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN</u>	120

1.-OBXECTIVOS

Constitúen uns enunciados que definen, en termos de capacidades, o tipo de desenvolvemento que esperamos que alcancen os alumnos ao termo da etapa. Estas capacidades orientarán e vertebrarán a actuación educativa en todas as áreas e atenderán a unha evolución integral da personalidade, pois refírense á súa dimensión intelectual, comunicativa, estética, socioafectiva e motriz.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- tt) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- uu) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- vv) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- ww) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- xx) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- yy) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- zz) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- aaa) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

-
- bbb) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- ccc) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- ddd) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- eee) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- fff) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- ggg) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- hhh) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2.-CONTIDOS

Ao longo do presente curso traballaremos os seguintes contidos distribuídos nas distintas unidades de coñecemento como figura na seguinte táboa.

Comprensión e valoración de textos orais sinxelos procedentes da radio e da televisión para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil e ao contorno máis inmediato.

Comprensión global e específica de informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes establecendo relacións de identificación, de clasificación e de comparación entre elas.

Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposición ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).

Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas e respecto das opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas.

Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou narracións de feitos vitais, emocións e sentimentos), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala, actitude receptiva de escoita e respecto ás opinións das demais persoas).

Uso de fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e

solicitar axuda.

Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.

Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.

Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.

Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.

Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente a noticia

Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).

Integración de coñecementos e de informacións procedentes de ilustracións.

Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.

Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios.

Introdución ao uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.

Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal.

Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de lecer.

Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais, así como a apreciación do texto literario como recurso de gozo persoal.

Produción e reescritura de textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos

Composición de textos sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.

Composición de textos sinxelos relacionados coa escola para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, listaxes, descricións, explicacións elementais).

Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto.

Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de *para quen*, e *que* escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).

Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.

Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos.

Utilización de elementos gráficos e sinxelos como a ilustración para facilitar a comprensión.

B3.9. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.

Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe, como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa.

Inicio na identificación implícita e uso dos termos lingüísticos elementais, nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba, nome común e nome propio.

Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.

Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.

Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.

Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura.

Observación das diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.

Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

Recreación e reescritura de diversos textos literarios sinxelos (narrativos ou poéticos): contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos

Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.

Recreación e composición de poemas sinxelos e relatos breves para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.

Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.

Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.

Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais

3.-AVALIACIÓN

Como establece a LOMCE esta será continua, global e integradora e se fará tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis establecidos no decreto 105/2014.

Terá tres momentos: **inicial** para diagnosticar a situación de partida, **continua** para regular o proceso e **final** para valorar o grao de consecución dos obxectivos.

3.1.-Criterios de avaliación

1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.
2. Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.
3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.
4. Manter unha actitude de escoita adecuada, respectando as opinións dos e das demais.
5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.

-
6. Usar fórmulas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.
 7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.
 8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.
 9. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
 10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.
 11. Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.
 12. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.
 13. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.
 14. Coñecer, de forma xeral, o funcionamento da bibliotecas de aula, e de centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.
 15. Ter interese por ter unha biblioteca propia.
 16. Amosar interese polos textos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.
 17. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.
 18. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.
 19. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.
 20. Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.
 21. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.
 22. Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.
 23. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.
 24. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.
 25. Recoñecer a relación entre o son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.
 26. Recoñecer de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.

-
27. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.
 28. Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos.
 29. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.
 30. Recrear e compoñer poemas sinxelos e relatos breves a partir de modelos sinxelos dados.
 31. Participar en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.
 32. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.
 33. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.

3.2.-Estándares de aprendizaxe.

1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.
2. Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información.
3. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.
4. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.
5. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión.
6. Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido.
7. Participa no traballo en grupo.
8. Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións, sen interromper.
9. Respecta as opinións da persoa que fala.
10. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
11. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.
12. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.
13. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.
14. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese, unha actitude receptiva de escoita e respecta as opinións das demais persoas.
15. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.
16. Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
17. Amosa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.
18. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación axeitada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.

19. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.
20. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.
21. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...
22. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.
23. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación.
24. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.
25. Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).
26. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.
27. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos.
28. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.
29. Fai lecturas dramatizadas de textos.
30. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.
31. Coñece, de xeito xeral, o funcionamento da biblioteca de aula e de centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos
32. Coida, conserva e organiza os seus libros.
33. Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.
34. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias.
35. Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras.
36. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.
37. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.
38. Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación.
39. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
40. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descrições e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia.
41. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.
42. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.
43. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.
44. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.
45. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.
46. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.
47. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.
48. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.

-
49. Sinala o xénero e número de palabras dadas.
 50. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
 51. Recoñece a relación entre son e grafía.
 52. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.
 53. Recoñece, de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.
 54. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.
 55. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.
 56. Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
 57. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.
 58. Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.
 59. Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.
 60. Participa en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.
 61. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal.
 62. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.

3.3.-Técnicas e instrumentos de avaliación.

Un instrumento de avaliación é o obxecto, medio ou material utilizado para aplicar unha técnica e recoller de forma sistemática a información que se obtén desta. Así mesmo son o conxunto de ferramentas e prácticas deseñadas para que os mestres poidan obter información precisa sobre a calidade da aprendizaxe dos seus estudantes.

Tamén se empregan para facilitar o diálogo entre os estudantes e o profesor referente ao proceso de aprendizaxe e como melloralo.

Á hora de selecciónalos débese ter en conta:

- ✓ Que aprendizaxe deben desenvolver os estudantes?
- ✓ De que xeito o instrumento permitirá apoiar o proceso de aprendizaxe unha vez que é aplicado
- ✓ Que técnica ou instrumento permitirán recoñecer mellor o logro da devandita aprendizaxe?

Algunha das técnicas ou instrumentos de avaliación que podemos empregar na aula son:

- Observación das actividades realizadas polos estudantes.
- Exploración por medio de preguntas formuladas polo profesor durante a clase.
- Os portfolios: É unha colección de documentos de traballo do alumno ou alumna que permite ver o seu esforzó, progresos e logros.
- Probas ou exames: Utilízanse para verificar o grao de rendemento ou aprendizaxe lograda polos estudantes.
- Mapas conceptuais: Son recursos gráficos que permiten representar xerarquicamente conceptos e proposicións sobre un tema determinado
- Avaliación do desempeño: Consisten no deseño de situacións onde os alumnos demostran as súas habilidades aprendidas ante tarefas xenuínas tales como aplicar unha técnica de primeiros auxilios, escribir un texto persuasivo, executar unha peza musical, facer un experimento, solucionar problemas matemáticos, entre outros.
- Listas de control ou verificación e escalas: Consiste nunha serie de ítems referidos a características, realizacións e actividades que requiren que o observador indique simplemente se se realizou ou non unha conduta.
- Rexistros anecdóticos como as listas de control ou diarios de clase.
- Rúbricas. Unha rúbrica é, basicamente, unha táboa na que se especifican unha serie de criterios de avaliación adaptándoos a uns niveis de eficiencia
- Os traballos e exercicios que se realizan en clase: Son unha serie de actividades que se realizan en clase co fin de valorar o nivel de comprensión ou execución por parte dos alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe
- As tarefas ou traballos que se solicitan aos alumnos para realizar fóra de clase: Poden variar entre exercicios, solución de problemas, visitas a lugares, investigación na biblioteca, museos entre outros. Pódense realizar de xeito individual ou en grupos cooperativos.

3.4.-Criterios de corrección

Segundo os distintos instrumentos de avaliación empregados na aula os resultados obtidos en cada un delos terán un peso determinado na avaliación xeral da Área.

	%
Actividades realizadas polo alumnado.	
Portfolio	
Probas ou exames	

Mapas conceptuais	
Avaliación de desempeño	
Listas de control	
Rexistros anecdóticos	
Rúbricas	
Outros ... (especificar)	

4.-COMPETENCIAS CLAVE

